

Héctor Cajaraville: "Intento que quede un oco para a esperanza e o título do libro, 'Aurora austral', leva cara aí"

Héctor Cajaraville (Compostela, 1974) explora en *Aurora austral* (Baía Edicións) unha sociedade distópica inquietante na que o control, o colapso ambiental e a perda de dereitos ameaza a realidade dunha protagonista cuxo mundo se derrubou. A novela advirte dos riscos do presente pero deixa un fío de esperanza para a sociedade humana.

Sergio Casal 30 de outubro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/hector-cajaraville/20251030204255238343.html>

—É esta novela un aviso do lugar ao que podemos chegar como sociedade?

Si que o é. Eu son lector de distopías e tiña ganas de escribir unha. Penso que cada vez de xeito máis acelerado, estas propostas literarias presentan escenarios que xa se están a dar dalgún modo no noso presente. O que eu conto neste libro, que en parte é unha distopía futurista, ten detalles que xa están instaurados na sociedade actual. Ademais, hai cousas das que falo na novela, como certos xeitos de controlar os individuos a través da tecnoloxía, que pode ser que xa sucedan hoxe.

—O inicio desorienta o lector ou lectora tanto como a Mei. Por que é importante que o lector comece coa mesma información que a protagonista?

Eu quero que o achegamento á novela se dea de modo diferente ao convencional. Aquí hai unha especie de regresión temporal. Na primeira parte da novela, os días van cara atrás, en lugar de cara diante, e vas entendendo de que vai a historia a medida que vas lendo o dos días anteriores. Funcionoume na primeira parte e a intención era trasladar dalgún modo ao lector a inqueda da protagonista, á que lle acaba de rebentar literalmente o seu mundo. Que a persoa que lea se sinta descolocada e vaia descubrindo mentres avanza.

—Que modelo de sociedade cuestiona *Aurora Austral*?

Cuestiona todos os modelos de sociedade actuais e todos están representados. En primeiro lugar e de xeito evidente, a tendencia aos totalitarismos. Tamén se trata de xeito transversal o papel da muller dentro da sociedade e cara onde pode ir. É verdade que nas últimas décadas se deron grandes avances neste sentido, pero é algo que non temos a garantía de que se vaia a consolidar de xeito definitivo, e de feito parece que, por intres, estamos facendo o camiño de volta. Tamén se reflexiona sobre o extractivismo e a degradación do planeta no que vivimos, sen importar as consecuencias. Tamén, por suposto, o control que certas persoas en postos de poder exercen sobre o resto da sociedade.

—Que papel xogan a amizade e a solidariedade nun contexto de colapso?

Eu non pretendía que o libro fora un drama absoluto. De feito, intento que quede un oco para a esperanza e o título de *Aurora austral* leva un pouco cara aí. Lémbrenos que sempre hai ese oco polo que salvarse e, neste caso, cando as cousas veñen mal dadas e a situación é límite, o que nos queda é o apoio mutuo entre as persoas sometidas. Igual que é moi propio da sociedade humana o de controlar e someter, por sorte, tamén é moi humana esa solidariedade e axuda cando as cousas están mal. Esa é a contramensaxe que ten o libro.

—Ao rematar a lectura, que espera que quede, esperanza ou alerta?

Eu creo que pesa máis a mensaxe de alerta. É dicir, o mundo está acelerando moitos procesos colectivos negativos e prexudiciais, pero dentro diso, sempre hai espazo para a esperanza. O ser humano ten o dobre poder: o da destrución e o da rexeneración. Converter unha situación crítica no punto de partida para algo mellor e, ao mellor, agora estamos nese punto.